



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CRECENTE PARA A ADECUACIÓN DO ACCESO Á FONTE DO CEO NA PARROQUIA DE FILGUEIRA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Crecente o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Crecente para o proxecto de adecuación do acceso á fonte do Ceo, na parroquia de Filgueira, en Crecente.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.





Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Terceiro.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Cuarto.- O proxecto que se pretende levar a cabo implica a realización de actuacións na Fonte do Ceo, na parroquia de Filgueira, concello de Crecente, consistente na adecuación do acceso.

En concreo o obxecto da intervención será principalmente acondicionar o acceso, dotándoo dun novo pavimento e realizando actuacións necesarias para drenar as augas pluviais e de escorrentía superficial que afectan ao entorno, facilitando o acceso á fonte.

A actuación realizarase nunha zona moi frecuentada no concello, posto que é paso case obrigatorio para acceder ao Miradoiro de Guillade e o Miradoiro das Fichocas. Tamén é paso obrigatorio para acceder ao entorno do recinto parroquial de San Pedro.

Quinto.- Con esta actuación preténdese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Crecente unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia



na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

